ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO MARTES 27 DE XUÑO DE 2023

No salón de sesións da Casa do Concello de Bergondo, a vinte e sete de xuño de dous mil vinte e tres, sendo as 19:00 horas ten lugar a sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, do Pleno municipal celebrado ao abeiro do disposto no artigo 38 do R.d. 2568/1986, d0 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presidida pola alcaldesa-presidenta D.ª Alejandra Pérez Máquez, do grupo municipal socialista, e coa asistencia dos/as señores/as concelleiros/as seguintes:

Grupo municipal Socialista (PSdG-PSOE):
Dª. Patricia María Vázquez Figueroa
D. José Ramón Lorenzo Carou
Dª. María Begoña Calviño Dorado

Grupo municipal do Partido Popular (PP)
D. Francisco Manuel Fafián Torreiro
Dª. María del Loreto Caseiras Arroyo
Dª. Alicia María Souto Ramos
Dª. María Arca Nieto

Grupo municipal de Alternativa do Veciños (AV)
D. Juan Antonio Fariña Pedreira
Dª. María del Pilar Barja Val
D. Pablo Santiso Vázquez

Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
D. David Carro Temprano
Dª. Tania Golpe Pérez

Foron asistidos pola Interventora do Concello, Laura Gutiérrez Ortiz e pola secretaria da Corporación, Ana M.ª Cacharrón Castelos.

Deseguido, a alcaldesa-presidenta abre a sesión, na que se pasaron a tratar os seguintes asuntos incluídos na ORDE DO DÍA:

1. DACIÓN DE CONTA DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS COS SEUS INTEGRANTES E PORTAVOCES
2. PERIODICIDADE SESIONES PLENARIAS ORDINARIAS
3. CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS
4. NOMEAMENTOS DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS
5. DACIÓN DE CONTA DA CREACIÓN DAS ÁREAS DE GOBERNO
6. TOMA DE COÑECEMENTO DA RESOLUCIÓN DE DELEGACIÓNS XERAIS E ESPECÍFICAS DA ALCALDÍA

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

CVD: LZMQygJqQJS/olAhIzHr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

7. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE NOMEAMENTO MEMBROS XUNTA DE GOBERNO LOCAL, NOMEAMENTO TENENTES DE ALCALDE E DELEGACIÓNS DA ALCALDÍA NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
8. PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL. ACORTDOS QUE PROCEDAN
9. DETERMINACIÓN DAS CONTÍAS POR ASISTENCIA ÁS SESIÓNS E ÓRGANOS COLEXIADOS DOS QUE FORMEN PARTE OS CONCELLEIROS/AS DA CORPORACIÓN. ACORDOS QUE PROCEDAN
10. ASIGNACIÓN AOS GRUPOS POLÍTICOS DE DOTACIÓN ECONÓMICA. ACORDOS QUE PROCEDAN.
11. PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RELACIÓN DE CARGOS DA CORPORACIÓN A DESEMPEÑAR EN RÉXIME DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA. ACORDOS QUE PROCEDAN
12. PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RELACIÓN DE CARGOS DA CORPORACIÓN A DESEMPEÑAR EN RÉXIME DE DEDICACIÓN PARCIAL. ACORDOS QUE PROCEDAN
13. DETERMINACIÓN DO NÚMERO, CARACTERÍSTICAS E RETRIBUCIÓNS DO PERSOAL EVENTUAL. ACORDOS QUE PROCEDAN.
14. DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

1. DACIÓN DE CONTA DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS COS SEUS INTEGRANTES E PORTAVOCES

Seguidamente a sra. secretaria da conta da constitución dos grupos municipais, dentro do prazo de cinco días hábiles contidos nos artigos 74 da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (en adiante LALG) e artigo 24 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), no que se desinan portavoces de grupo e suplentes dos mesmos:

Por orden entrada no Rexistro Xeral, son os seguintes:

- Grupo municipal Socialista do Concello de Bergondo, núm. 202399900002401, de 20 de xuño.
Catro integrantes: Alejandra Pérez Máquez, Patricia M.ª Vázquez Figueroa, José Ramón Lorenzo Carou e Begoña Calviño Dorado.
Voceira titular: Patricia M.ª Vázquez Figueroa.
Voceiros suplentes: José Ramón Lorenzo Carou e Begoña Calviño Dorado.

- Grupo municipal Alternativa dos Veciños, núm. 202399900002402, de 20 de xuño.
Tres integrantes: Juan Antonio Fariña Pedreira, María del Pilar Barja Val e Pablo Santiso Vázquez.
Voceiro titular: Juan Antonio Fariña Pedreira.
Voceira suplente: María del Pilar Barja Val

- Grupo municipal Bloque Nacionalista Galego, núm. 202399900002417, de 20 de xuño.
Dous integrantes: David Carro Temprano e Tania Golpe Pérez
Voceiro titular: David Carro Temprano
Voceira suplente:Tania Golpe Pérez

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

CVD: LZMQygJqQJS/olAhIzHr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

- Grupo municipal do Partido Popular de Bergondo, núm. 20239000000540, do 26.06.2023, presentado no Rexistro xeral da Subdelegación do Goberno da Coruña, con núm. REGAGE23e00041230096 do 23.06.2023.
Catro integrantes: Francisco Manuel Fafián Torreiro, M.ª del Loreto Caseiras Arroyo, Alicia M.ª Souto Ramos e Maria Arca Nieto.
Voceiro titular: Francisco Manuel Fafián Torreiro,
Voceiros suplentes: M.ª del Loreto Caseiras Arroyo, Alicia M.ª Souto Ramos e María Arca Nieto.

O Pleno toma coñecemento e queda enterado.

2. PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO MUNICIPAL. ACORDOS QUE PROCEDAN

Dáse conta da proposta de Alcaldía que transcrita literalmente di:

«Trala constitución da Corporación municipal, que tivo lugar na sesión plenaria do día 17 de xuño de 2023, co motivo das Eleccións Locais que tiveron lugar o pasado 28 de maio, procede, entre outros, determinar o réxime das sesións ordinarias do Pleno Municipal.

Logo de ver os artigos 38 e 78 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), 46.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local (LBRL), 47.1 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido, das disposición legais vixentes en materia de réxime local (TRRL), e 210.2.a da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia (LALGa), pola presente propoño ao Pleno Municipal que proceda á aprobación do seguinte acordo:

***PRIMEIRO**. As sesións plenarias ordinarias terán unha periodicidade bimestral, celebrando as sesións ás 20:00 horas do derradeiro xoves hábil de cada mes impar. No caso de que a devandita data coincida con día festivo, celebrarase Pleno ordinario o inmediato día hábil anterior á data correspondente, á mesma hora.*

***SEGUNDO.**- Facultar á sra. Alcaldesa, previa consulta cos voceiros de todos os grupos municipais, e por razóns debidamente xustificadas, para alterar o horario establecido no punto primeiro do presente acordo.*

A Corporación municipal decidirá o que crea mais conveniente.

Bergondo, 21 de xuño de 2023
A alcaldesa
(Asinado dixitalmente)
Alejandra Pérez Máquez»

A sra. alcaldesa indica que se fai a proposta co mesmo sistema de plenos que tiñamos neste mandato e facendo ou propoñendo precisamente a celebración como se nos faculta, cada dous meses, no día que está habitualmente, que se ven facendo de xeito habitual neste Concello dende hai moitísimos anos, que sería o último xoves do mes.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

CVD: LZMQygJqQJS/olAhIzHr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

O sr. voceiro do grupo municipal do PP, indica que o seu grupo cre que debían de ser mensuais, dado que na última lexislatura houbo bastantes plenos extraordinarios, e tamén para que os partidos políticos poidan presentar mocións ou propostas urxentes no mes en curso e non esperar a que pase o tempo podendo prexudicar a representatividade dos veciños.

O sr. voceiro do grupo municipal do BNG, dí que o seu grupo súmase á petición do grupo popular de que sexan os plenos cada mes, para facilitarnos a labor fiscalizadora e de presentación de propostas que, a veces, xa nos ten pasado en algún momento, quedan como desactualizadas xa pasados os dous meses e visto a lexislatura anterior o número e plenos extraordinarios.

O sr. voceiro do grupo municipal de AV, indica que o seu grupo cre que os plenos cada dous meses poden resultar suficientes e tamén lembra eses plenos onde non había excesivo contido emanado das cuestións que son propias da aprobación de pleno.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese a proposta da alcaldía a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: catro (4) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: catro (4) votos en contra; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: tres (3) votos a favor e grupo municipal do BNG: dous (2) votos en contra. Total sete (7) votos a favor e seis (6) votos en contra.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase aprobado, por maioría de votos a favor a proposta, que devén en acordo nos termos antes transcritos.

3. CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS. ACORDOS QUE PROCEDAN

EXPEDIENTE. 2023/G005/000001

Dáse conta da proposta de Alcaldía que transcrita literalmente di:

«Trala constitución da Corporación municipal, que tivo lugar na sesión plenaria do día 17 de xuño de 2023 co motivo das Eleccións Locais que tiveron lugar o pasado 28 de maio, procede, entre outros, con carácter preceptivo, a creación dos Órganos complementarios, Comisións informativas permanentes e Comisión especial de contas, de conformidade co establecido especialmente nos artigos 20 e 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL), e 119.1.b) e c), 123 e seguintes e 82.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidade locais (ROF), e 59, 66, 68 e 212 da Lei 5/1997 do 22 de xullo, da administración local de Galicia (LALGa).

Os artigos 116 do LBRL e 127 do ROF, fan referencia á existencia preceptiva da Comisión Especial de Contas, sendo a súa constitución, composición, integración e funcionamento axustado ao establecido para as demais Comisións Informativas.

Ao non dispoñer na actualidade de Regulamento orgánico que regule o funcionamento da organización

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

CVD: LZMQygJqQJS/olAhIzHr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

municipal e dentro do prazo establecido no art. 38 do ROF, propoño ao Pleno Municipal a adopción do seguinte acordo:

***PRIMEIRO**. A creación dunha Comisión Informativa de carácter permanente, denominada Comisión Informativa de Asuntos do Pleno.*

***SEGUNDO**. A creación de dúas Comisións informativas especiais, a Comisión Informativa Especial de Contas (de carácter preceptivo) e a Comisión informativa especial para o seguemento, estudo e informe do PXOM.*

***TERCEIRO**. A composición de cada Comisión será de catro membros cada unha, un por cada grupo municipal, aplicándose o sistema do voto ponderado de conformidade co disposto no artigo 68.5, en relación co 66.2 da Lei 5/1997, de 22 de xullo de administración local de Galicia, equivalendo o voto de cada un dos representantes dos grupos políticos ao número de votos que a seguir se expresan:*

Representante do grupo político municipal do PSdeG-PSOE: 4 votos
Representante do grupo político municipal do PP: 4 votos
Representante do grupo político municipal de AV: 3 votos
Representante do grupo político municipal do BGN: 2 votos

***CUARTO**. As sesións ordinarias da Comisión Informativa Permanente, terán unha periodicidade bimestral. Celebraranse como mínimo con tres días de antelación á sesión plenaria ordinaria na que se vaian adoptar acordos previamente ditaminados pola Comisión Informativa, en día e hora que estableza a Alcaldesa-Presidenta ou Presidente da Comisión, que poderán convocar sesións extraordinarias ou urxentes da mesma.*

***QUINTO**. A periodicidade bimestral, poderá ser superior no caso de que no citado espacio de tempo non existan asuntos a tratar pola comisión, extremo que deberá ser decidido polo Sra. Alcaldesa-Presidenta ou o Presidente da comisión.*

***SEXTO.** A Comisión Especial de Contas, celebrará sesión para o estudio e informe de todas as contas, presupostarias e extrapresupostarias, que deba aprobar o Pleno da Corporación*

***SÉTIMO.** A Comisión Informativa Especial para o seguemento, estudo e informe do PXOM, terá as seguintes características:*
a) Obxecto: .- seguimento e tramitación do PXOM
.- estudo do PXOM
.- ditame do PXOM
b) Duración: ata a aprobación definitiva do PXOM.

***OITAVO.** A Comisión informativa especial referida no punto anterior, celebrará sesión cando haxa asuntos da súa competencia que tratar, en día e hora que estableza o Alcaldesa-Presidenta ou Presidente das Comisións.*

***NOVENO**. O/A Sr./a voceiro/a de cada un dos Grupos políticos, dirixirá á alcaldesa á maior brevidade posible, un escrito no que designen os titulares e suplentes nas mencionadas Comisións, segundo o*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

CVD: LZMQygJqQJS/olAhIzHr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

establecido no artigo 125.c) do ROF.

A Corporación municipal decidirá o que crea mais conveniente.

Bergondo, 21 de xuño de 2023
A alcaldesa
(Asinado dixitalmente)

Alejandra Pérez Máquez»

A sra. alcaldesa indica que fan a proposta de creación das comisións informativas co voto ponderado, como se ven facendo habitualmente nos últimos anos xa no Concello e coa creación das comisións que se indican. As que xa son preceptivas, a de asuntos do pleno en donde xa tradicionalmente englobamos todo aquel asunto de calquera índole que vai vir despois a pleno e que debe ser, polo tanto, dictaminado e a comisión especial de contas, tamén obrigatoria, e a comisión que víñamos tamén convocando ultimamente, que e a comisión para o estudio do PXOM, coas características que nela se indican no punto sétimo.

O sr. voceiro do grupo municipal do PP , recorda que levan máis de seis anos prometendo unha comisión e vertidos e indica que traeralle no vindeiro pleno donde decían que estaban en elo. E incide na importante ter esta comisión polas multas que leva o concello por esta causa.

A sra. Alcaldesa replica que comisión de verquidos, non; regulamentos e ordenanzas, si, pero non de comisión.

O sr. voceiro do grupo municipal do BNG non ten nada que achegar neste punto, e tampuco o sr. voceiro do grupo municipal de AV

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese a proposta da alcaldía a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: catro (4) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: catro (4) abstencións; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: tres (3) votos a favor e grupo municipal do BNG: dous (2) votos a favor. Total nove (9) votos a favor e catro (4) abstencións.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase aprobado, por maioría de votos a favor a proposta, que devén en acordo nos termos antes transcritos.

4. NOMEAMENTOS DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS. ACORDOS QUE PROCEDAN

EXPEDIENTE. 2023/G005/000001

Dáse conta da proposta de Alcaldía que transcrita literalmente di:

«En cumprimento do previsto no artigo 38 c) do Real Decreto 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), pola presente propoño ó Pleno municipal que adopte o seguinte acordo:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

CVD: LZMQygJqQJS/olAhIzHr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

***PRIMEIRO**. Nomear representantes da Corporación ós/as sres/as. concelleiros/as que seguidamente se indican e nos órganos que tamén se sinalan:*

1.- Nos Consellos Escolares de:

- Colexio Público "Cruz do Sar":
Titular: Dª Patricia M.ª Vázquez Figueroa
Suplente: o/a concelleiro/a no que se delegue.
- Colexio Rural Agrupado (CRA) de Bergondo:
Titular: Dª Patricia Vázquez Figueroa
Suplente: o/a concelleiro/a no que se delegue.
- Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Guísamo da Consellería de Medio Rural:
Titular: Dª Patricia Vázquez Figueroa
Suplente: o/a concelleiro/a no que se delegue.

2.- No Consorcio de "As Mariñas"
Titular: A alcaldesa, D.ª Alejandra Pérez Máquez
Suplente: concelleiro ou concelleira no que delegue.

3.- No Grupo de Acción Local de Pesca Golfo Ártabro Sur
Titular: A alcaldesa D.ª Alejandra Pérez Máquez
Suplente: concelleiro ou concelleira no que delegue

4.- No Asociación de Desenvolvemento Rural "Mariñas-Betanzos"
Titular: A alcaldesa D.ª Alejandra Pérez Máquez
Suplente: concelleiro ou concelleira no que delegue.

5.- Na Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo:
Titular: A alcaldesa D.ª Alejandra Pérez Máquez
Suplente: concelleiro ou concelleira no que delegue.

6.- No Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade:
Titular: a concelleira Dª María Begoña Calviño Dorado
Suplente: concelleiro ou concelleira no que delegue.

***SEGUNDO**: Comunicar o presente acordo aos/ás interesados/as e aos órganos correspondentes.*

O Pleno Municipal decidirá o que crea máis conveniente.

Bergondo, 21 de xuño de 2023
A alcaldesa (Asinado dixitalmente)
Alejandra Pérez Máquez»

A sra. alcaldesa indica que é a proposta que se ven facendo de xeito habitual, independentemente das delegacións que se fan en función dos horarios e da dispoñibilidade neste caso tamén da alcaldesa nos diferentes concelleiros e concelleiras segundo a área.

Non suscitándose intervencións, trala correspondente deliberación, sométese a proposta da alcaldía a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: catro (4) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: catro (4) votos a favor; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: tres (3) votos a favor e grupo municipal do BNG: dous (2) votos a favor. Total trece (13) votos a favor.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

CVD: LZMQygJqQJS/olAhIzHr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase aprobado, por unanimidade de votos a favor a proposta, que devén en acordo nos termos antes transcritos.

5. DACIÓN DE CONTA DA CREACIÓN DAS ÁREAS DE GOBERNO

Dáse conta aos/ás asistentes da Resolución núm. 745/2023, do 22 de xuño, que a continuación se transcribe íntegramente:

«Alejandra Pérez Máquez, alcaldesa-presidenta do Concello de Bergondo (A Coruña)

Creación das áreas de goberno municipais

Expediente: 2023/G005/000001

O artigo 43.3 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais dispón que as delegacións xenéricas que pode realizar o alcalde-presidente se referirán a unha ou varias áreas ou materias determinadas, que constitúen, deste xeito, os eixos básicos nos que se estructura o goberno local.

Cada área de goberno representa un sector de actividade da Corporación asignada a unha dirección política en virtude das resolucións que adopte a Alcaldía de acordo coa normativa de réxime local.

O artigo 45 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro dispón que as delegacións que pode outorgar o alcalde se axusten na medida do posible ás grandes áreas nas que o Regulamento orgánico municipal estructure os servizos do Concello.

O Concello de Bergondo non dispón de Regulamento orgánico, polo que, en uso da facultade de dirección do goberno e a administración municipais atribuída ao Alcalde polos artigos 21.1 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril e 31.2 do ROF, corresponde á Alcaldía, a falta de Regulamento Orgánico municipal, crear as áreas nas que se estructurará o goberno local.

Por todo isto, no uso das facultades conferidas polo artigo 21.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, ***RESOLVO:***

PRIMEIRO. *Crear as seguintes áreas de goberno local, que poderán ser obxecto dunha delegación xenérica nos termos do artigo 43.3 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, e que corresponden cos correspondentes sectores de actividade:*

1. Área de Infraestruturas, Urbanismo e Réxime Interior

No eido das ***Infraestruturas****, correspóndelle a esta área o seguemento da execución dos diferentes plans de obras, xa sexan autonómicos ou provinciais, e dos plans de investimentos nas parroquias do Concello, incluída a mobilidade e seguridade viaria da rede municipal, así como a conservación e mantemento das*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

CVD: LZMQygJqQJS/olAhIzHr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

infraestruturas municipais. A p lanificación de pequenos investimentos nas materias indicadas nos puntos anteriroes.

*Esta área comprende, no eido do **Urbanismo**, o impulso dos documentos de planeamento urbanístico competencia doutros órganos municipais; a xestión urbanística; a execución de planeamento; expropiacións por razóns de urbanismo, políticas municipais de dotación de solo para vivendas sociais, promoción de vivendas sociais, licenzas urbanísticas de todo tipo, comunicacións previas, licenzas para o exercizo de actividades e comunicacións previas de actividade, expedientes de disciplina urbanística.*

*No eido dos **Servizos Municipais**, correspóndelle a esta área, o mantemento dos servizos básicos municipais de alumeamento público, abastecemento de auga e saneamento, acometidas, recollida de residuos sólidos urbanos.*

*En materia de **Patrimonio**, correspóndelle a xestión patrimonial do Concello, mantemento e actualización do inventario de bens, dereitos e obrigas, administración e defensa do patrimonio municipal e do patrimonio histórico.*

*No eido de **Réxime interior e Persoal,** a xestión dos recursos humáns do Concello, agás as relacións cos representantes dos empregados públicos e Mesa xeral de negociación, a oferta de emprego público e seu desenvolvemento e a organización do traballo e as instruccións de persoal.*

*No eido do **desenvolvemento económico**, correspóndelle a esta área a xestión de plans de formación doutras admnistracións públicas, programas de cooperación en materia de emprego doutras administracións, a xestión das políticas municipais tendentes á dinamización e potenciación da vida económica local - **comercio-**, as políticas municipais en materia de **industria, turismo** e promoción dos valores turísticos do Concello, a fixación dos obxectivos para a promoción de actividades económicas do Concello, as relacións cos axentes sociais na percura de políticas integrais de desenvolvemento e fomento de actividades económicas, en concreto, do **parque empresarial** municipal.*

*No eido da **Formación**, correspóndelle o seguemento dos Plans de formacion doutras administracións.*

*No eido da **mocidade**, a promoción e fomento da participación xuvenil e a planificación e promoción da ocupación do tempo libre da xuventude. En materia de **voluntariado**, a cooperación coas diferentes entidades de voluntarios nos proxectos desenvolvidos en común e o fomento do voluntariado local.*

*En materia de **Paticipación Veciñal,** correspóndelle a política de información ao cidadá, políticas municipais de participación cidadá a través dos instrumentos previstos no Regulamento orgánico municipal.*

2. Área de Medio Ambiente, Equipamentos Públicos e Seguridade

*No eido de **Medio Ambiente**, correspóndelle a xestión das políticas municipais de medio ambiente: sensibilización e fomento da conciencia medioambiental, políticas transversais de sostibilidade ambiental, planificación de espazos públicos e redifinición dos espazos públicos existentes; e os expedientes administrativos relacionados con este área.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

CVD: LZMQygJqQJS/olAhIzHr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*No eido dos **equipamentos públicos**, as competencias municipais en materia de praias, cemiterios, e parques e xardíns, a súa conservación e limpeza; conservación e mantemento de edificios públicos.*

A planificación de pequenos investimentos nas materias indicadas nos puntos anteriroes.

Tamén correspóndenlle as competencias en materia de limpeza viaria, rozas e limpeza de edificios públicos.

*No eido da **seguridade**, correspóndelle a xestión da seguridade cidadá, protección civil e policía local.*

3. Área de Presidencia

Correspóndelle a área de Presidencia a coordinación das diferentes áreas municipais.

*En concreto intégranse na área de Presidencia, no eido do **Urbanismo**, conserva esta área as competencias indelegables do art. 21.1.J da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local.*

*En materia de **Contratación**, esta área asume a xestión de tódolos procedementos de contratación do Concello.*

*No eido da **Transparencia**, correspóndelle a actualización dos datos contidos no Portal de Transparencia do Concello de Bergondo e da páxina web municipal. No eido das **novas tecnoloxías**, correspóndelle a xestión das políticas municipais tendentes á súa implantación completa ás esixencias das novas leis de procedemento e achega aos veciños, as **Plataformas** de tramitación electrónica, tanto locais, coma autonómicas e estatais, a sede electrónica municipal, impulso do uso da administración electrónica e implementación das TIC de xeito transversal, e a implementación da normativa e medidas en materia de **ciberseguridade** e en materia de **protección de datos**.*

*No eido do **Benestar social**, correspóndelle a xestión de programas dos servizos sociais municipais, de atención ás situacións de marxinación e exclusión social, medidas de integración social, política de inmigración, atención á terceira idade, axuda no fogar, dependencia, muller, família, diversidade funcional, e igualdade; sanidade e seguemento da Escola Infantil Municipal.*

*No eido da **Cultura e do Ensino** correspóndelle a xestión das políticas municipais de cultura, lingua e ensino: programación de actividades culturais de todo tipo, infraestructuras culturais, programas de educación complementaria, os programas de conciliación da vida laboral e familiar.*

*No eido do **deporte**, correspóndelle xestión das políticas municipais de programación de actividades e infraestructuras deportivas de deporte e de ocico e planificación e promoción da ocupación do tempo libre dirixido aos diferentes colectivos da veciñanza municipal.*

*En materia de **Facenda**, ocuparase esta área, en materia de gastos, da xestión presupostaria do concello, seguimento e control dos orzamentos, xestión económica e financieira da Administración; en materia de*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

CVD: LZMQygJqQJS/olAhIzHr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

ingresos, recursos económicos do concello, xestión tributaria e de recadacion, política fiscal, preparación de ordenanzas fiscais e estadística

*No eido de **Persoal,** as relacións cos representantes dos empregados públicos e a presidencia da Mesa xeral de negociación, oferta de emprego público e o seu desenvolvemento e a organización do traballo e as instruccións de persoal.*

Correspóndelle tamén a esta área todas aquelas materias non asignadas expresamente a outra área de goberno.

***SEGUNDO.** Corresponderá á Alcaldía a coordinación do funcionamento das áreas municipais, así como a resolución das cuestións que xurdan en torno á adscripción a unha área determinada dunha concreta materia.*

***TERCEIRO.** A presente resolución será efectiva dende o 1 de xullo de 2023.*

***CUARTO.** Dar conta ao Pleno municipal desta Resolución, para o seu coñecemento.*

Bergondo, 22 de xuño de 2023. A alcaldesa. Alejandra Pérez Máquez. Dou fe; a secretaria. Ana María Cacharrón Castelos »

O Pleno toma coñecemento e queda enterado.

6. TOMA DE COÑECEMENTO DA RESOLUCIÓN DE DELEGACIÓNS XERAIS E ESPECÍFICAS DA ALCALDÍA

Dáse conta aos/ás asistentes da Resolución núm. 754/2023, do 22 de xuño, que a continuación se transcribe íntegramente:

« Alejandra Pérez Máquez, alcaldesa-presidenta do Concello de Bergondo (A Coruña)

Delegacións xerais e específicas da alcaldía-presidencia. Acordos que procedan

Expediente. 2023/G005/000001

Visto que por Resolución da Alcaldía núm. 745/2023, do 22 de xuño, creáronse as áreas de goberno local, en uso das competencias de dirección do goberno e a administración municipais que o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, concede á alcaldesa-presidenta.

A área de Presidencia será responsabilidade da alcaldía.

De conformidade coas atribucións que me confiren os artigos 23.4 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

CVD: LZMQygJqQJS/olAhIzHr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

das bases do Réxime Local e os artigos 43 e 44 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico da Entiddes Locais, e co fin de conquerir unha maior celeridade e eficacia na xestión municial, pola presente ***RESOLVO:***

PRIMEIRO.- *Efectuar a prol dos sres/as. concelleiros/as integrantes da Xunta de Goberno Local as seguintes delegacións xenéricas correspondentes ás áreas e/ou materias que se relaccionan:*

1.- A Juan Antonio Fariña Pedreira, delégaselle a área de Infraestuturas, Urbanismo e Réxime Interior.

2.- A José Ramón Lorenzo Carou, delégaselle a área de Medio Ambiente, Equipamentos públicos e Seguridade

SEGUNDO*.- As delegacións xenéricas acordadas no apartado anterior, punto 1 a prol do sr. Fariña Pedreira, suxeitaránse ao seguinte réxime xurídico:*

1.- As facultades que se delegan son todas as que sexan de competencia da alcadía presidencia comprendidas dentro de estos servicios, a excepción das indelegables segundo o artigo 21.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, as delegadas na Xunta de Goberno ou atribuídas expresamente a outros órganos de goberno do Concello e as reservadas para esta alcaldía, e abarcará a facultade de dirixir os servizos correspondentes e xestionalos en xeral, incluíndo a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros e a de aprobar gastos e ordear pagos, incluindo os contratos menores da área, dentro dos límites sinalados no presente apartado.

2.- O ámbito de actuación a que se refiren esta delegación será o correspondente a todo o término municipal e comprenderá a área de Infraestuturas, Urbanismo e Réxime Interior.

3.- O exercicio das facultades por delegación deberá facerse constar nas resolucións que se diten, de conformidade co disposto no artigo 9.4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

4.- A alcaldía poderá revocar en calquera momento as delegacións efectuadas seguindo as mesmas formalidade aplicadas para outorgalas. Tamén poderá avocar en calquera momento a competencia delegada de acordo co que dispón o artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

5.- Corresponderá á alcaldía resolver as posibles dúbidas que se formulen en relación coa aplicación desta resolución.

TERCEIRO.- *As delegacións xenéricas acordadas no apartado primeiro punto 2 a prol do sr. Lorenzo Carou, suxeitaránse ao seguinte réxime xurídico:*

1.- Abarcarán a facultade de dirixir os servizos correspondentes e xestionalos en xeral, pero sen incluir a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

2.- O ámbito de actuación a que se refiren as delegacións, será o correspondente a todo o término municipal.

3.- A alcaldía poderá revocar en calquera momento as delegacións efectuadas seguindo as mesmas

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

CVD: LZMQygJqQJS/olAhIzHr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

formalidade aplicadas para outorgalas. Tamén poderá avocar en calquera momento a competencia delegada de acordo co que dispón o artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

4.- Corresponderá á alcaldía resolver as posibles dúbidas que se formulen en relación coa aplicación desta resolución.

***CUARTO.-** Conferir, de conformidade co disposto no artigo 43.4 e 5 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, as seguintes delegacións especiais a favor dos/as sres./sras. concelleiros/as que a seguir se relaccionan, para os servizos que igualmente se sinalan:*

1.- Conferir a delegación dos servizos de Educación, Cultura e Deportes (integrados na área de Presidencia) a Patricia M.ª Vázquez Figueroa.

2.Conferir a delegación dos Servizos de Desenvolvemento Económico, Formación e Participación Veciñal. (integrados na área de Infraestruturas, Urbanismo e Réxime Interior) a M.ª del Pilar Barja Val.

3.- Conferir a delegación do servizo de Benestar Social (integrado na área de Presidencia) a M.ª Begoña Calviño Dorado.

4.- Conferir a delegación dos Servizos Municipais (integrados na área de Infraestruturas, Urbanismo e Réxime Interior) a Pablo Santiso Vázquez.

***QUINTO**.- As delegacións especiais efectuadas no apartado cuarto anterior, enténdense conferidas como delegacións da dirección interna dos servizos, pero non inclúen a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.*

O ámbito de actuación a que se refiren as delegacións, será o correspondente a todo o término municipal.

Os/as concelleiros/as responsables directos das áreas correspondentes, terán a facultade de supervisar a actuación dos/as concelleiros/as con delegacións especiais integrados na súas áreas respectivas.

***SEXTO**.- A presente resolución será efectiva dende o día 1 de xullo de 2023 e será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, en cumprimento do que dispoñen os artigos 44 e 46 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro. Asi mesmo, esta resolución será notificada aos/ás interesados/as, facéndolles saber que, de acordo co que dispón o artigo 114 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, a delegación entenderase aceptada tácitamente se no prazo de tres días hábiles contados dende a notificación non realizan ningunha manifestación expresa no senso contrario ante o órgano delegante.*

Bergondo, 22 de xuño de 2023. A alcaldesa. Alejandra Pérez Máquez. Dou fe; a secretaria. Ana María Cacharrón Castelos.»

O Pleno toma coñecemento e queda enterado.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

CVD: LZMQygJqQJS/olAhIzHr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

7. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA SOBRE NOMEAMENTO DOS MEMBROS XUNTA DE GOBERNO LOCAL, NOMEAMENTO TENENTES DE ALCALDE E DELEGACIÓNS DA ALCALDÍA NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía transcritas a continuación:

Con data 21 de xuño de 2023, pola alcaldía ditouse a Resolución nº 742/2023, que deseguido se transcribe íntegramente:

«Alejandra Pérez Máquez, alcaldesa-presidenta do Concello de Bergondo (A Coruña)

Nomeamento dos membros da Xunta de Goberno Local

Expediente. 2023/G005/000001

Constituída a nova Corporación municipal o pasado día 17 de xuño de 2023, como consecuencia das eleccións locais celebradas o pasado 28 de maio.

Segundo o disposto nos artigos 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, artigos 59.2.b) e 65.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, e artigo 35.2 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a Xunta de Goberno Local é un órgano necesario do Concello, e se integra polo alcalde-presidente e un número de concelleiros non superior a un tercio do número legal de membros da Corporación que é de trece, sen que para este cómputo se teñan en conta os decimais.

Corresponde á alcaldía o nomeamento dos membros da Xunta de Goberno.

Polo que no uso das atribucións legalmente conferidas, pola presente, RESOLVO:

PRIMEIRO. Nomear como membros da Xunta de Goberno Local ós/ás seguintes concelleiros/as:
D. Juan Antonio Fariña Pedreira
Dª. Patricia María Vázquez Figueroa
Dª. María del Pilar Barja Val
D. José Ramón Lorenzo Carou

SEGUNDO. Convocar a sesión constitutiva da Xunta de Goberno Local para o día 29 de xuño de 2023, ás 14:00 horas, na Casa do Concello de Bergondo.

TERCEIRO. Da presente resolución, darase coñecemento ao Pleno na primeira sesión que celebre consonte co artigo 38 do ROF, notificándose además persoalmente aos interesados e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade a partir do día seguinte ao da data, conforme se indica no artigo 52.4, en relación co artigo 46 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

CVD: LZMQygJqQJS/olAhIzHr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

En Bergondo, mércores 21 de xuño de 2023. A alcaldesa. Alejandra Pérez Máquez. Dou fe; a secretaria. Ana María Cacharrón Castelos»

Con data 21 de xuño de 2023, pola alcaldía ditouse a Resolución núm. 743/2023, que deseguido se transcribe íntegramente:

«Alejandra Pérez Máquez, alcaldesa-presidenta do Concello de Bergondo (A Coruña)

Nomeamento das Tenencias de Alcaldía

Expediente. 2023/G005/000001

Nomeados os membros da Xunta de Goberno Local, por Resolución nº 742/2023, do 21 de xuño, corresponde á Alcaldesa desinar libremente aos Tenentes de Alcaldía de entre os membros da citada Xunta de Goberno Local; visto que son un órgano necesario do Concello, segundo dispoñen os artigos 20.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, artigo 59.2.a) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, e artigo 35.2 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aporba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais;

Vistos os artigos 20.1 e 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e artigos 46 e 47 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, pola presente ***RESOLVO:***

PRIMEIRO.- Nomear Tenentes de Alcaldesa aos/ás seguintes concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local:
1º. d. Juan Antonio Fariña Pedreira
2ª. Dª Patricia M.ª Vázquez Figueroa
3ª. Dª. María del Pilar Barja Val
4º. D. José Ramón Lorenzo Carou

SEGUNDO.- Corresponde aos/ás nomeados/as, pola orde indicada, sustituirme na totalidade das miñas funcións, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que me imposibilite para o exercicio das miñas atribucións; así como nos supostos de vacante ata que tome posesión o novo alcalde.

TERCEIRO.- Da presente resolución, darase coñecemento ao Pleno na primeira sesión que celebre consonte co artigo 38 do ROF, notificándose además persoalmente ás persoas interesadas e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade a partir do día seguinte ao da data, conforme se indica no artigo 46 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Bergondo, mércores 21 de xuño de 2023. A alcaldesa. Alejandra Pérez Máquez. Dou fe; a secretaria. Ana María Cacharrón Castelos»

Con data 21 de xuño de 2023, pola alcaldía ditouse a Resolución núm. 744/2023, que deseguido se transcribe íntegramente:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

CVD: LZMQygJqQJS/olAhIzHr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

«Alejandra Pérez Máquez, alcaldesa-presidenta do Concello de Bergondo (A Coruña)

Delegacións da alcaldía na Xunta de Goberno Local

Expediente: 2023/G005/000001

Constituída a nova Corporación municipal o pasado día 17 de xuño de 2023, como consecuencia das eleccións locais celebradas o pasado día 28 de maio; mediante Resolución da alcaldía núm. 742/2023, do 21 de xuño, nomearonse os membros da Xunta de Goberno Local e convocouselles a sesión constitutiva.

Visto o disposto nos artigos 21.3 e 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; artigo 65 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia; artigos 43.1.e 2; 44; 52; 53; 114 a 118 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais;

Visto que o artigo 23.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, establece que correspóndelle a Xunta de Goberno Local a asistencia ao alcalde no exercicio das súas atribucións e as atribucións que o alcalde ou outro órgano municipal lle delegue ou lle atribúan as leis;

No uso das atribucións legalmente conferidas, consonte cos artigos 21.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, e 43.1, 44 e 114 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pola presente, RESOLVO:

***PRIMEIRO**.- Delegar na Xunta de Goberno Local, de forma expresa mediante a presente resolución, as seguintes atribucións:*

1. O outorgamento de toda clase de licenzas competencia da alcaldía, agás as de ocupación de dominio público e as das festas populares.

2. As contratacións de obras, subministro, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado non supere o 10% dos recursos ordinarios do presuposto nin, en calquera caso, a contía dos seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.

Exclúese da citada delegación o acordo de incoación dos correspondentes expedientes de contratación, a clasificación das proposicións presentadas e a potestade de efectuar os requirimentos de documentación xustificativa ao licitador que presente a oferta máis vantaxosa ao que fai referencia 150 da Lei 9/2017 do 9 de novembro, de contratos do Sector Público.

Igualmente exclúese a tramitación e resolución de adxudicación dos contratos menores.

3. A aprobación de facturas e certificacións correspondentes aos contratos de obras.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

CVD: LZMQygJqQJS/olAhIzHr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

4. A celebración de contratos privados, a adxudicación de concesións sobre os bens municipais e a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o presuposto base de licitación, non supere o 10% dos recursos ordinarios do Orzamento nin o importe de tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicadas.

5. A aprobación das bases reguladoras das subvencións outorgadas en concorrencia competitiva e o acordo da súa concesión.

6. As aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, asó como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

***SEGUNDO**.- A presente resolución será efectiva dende o día seguinte ao da súa data e será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, en cumprimento do que dispón o artigo 44 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, debendo dar conta ao Pleno na primeira sesión que éste celebre con posterioridade á mesma e será notificada á Xunta de Goberno Local, para os efectos previstos no 114 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro.*

En Bergondo, mércores 21 de xuño de 2023. A alcaldesa. Alejandra Pérez Máquez. Dou fe; a secretaria. Ana María Cacharrón Castelos»

O Pleno toma coñecemento e queda enterado.

8. PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL. ACORDOS QUE PROCEDAN

EXPEDIENTE. 2023/G005/000001

Dáse conta da proposta de Alcaldía que transcrita literalmente di:

«Por Resolucións de Alcaldía, núms. 742/2023 e 743/2023, do 21 de xuño, desináronse aos/ás integrantes da Xunta de Goberno Local e as Tenencias de alcaldía da Corporación, polo que procede determinar o réxime de sesións ordinarias do citado órgano municipal.

Logo de ver os artigos 112 e 113 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidade locais (ROF), e 211 a da Lei 5/1997 do 22 de xullo, da Administración local de Galicia (LALGa), propoño ao Pleno Municipal que adopte o seguinte acordo:

***ÚNICO:** Aprobar o réxime de sesións ordinarias da Xunta de Goberno local do Concello de Bergondo, do seguinte xeito: o segundo e cuarto xoves de cada mes ás 14:00 horas; se o día correspondente á sesión fose festivo, esta terá lugar o día hábil anterior. No caso de cadrar a sesión ordinaria o mesmo día que o Pleno*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

CVD: LZMQygJqQJS/olAhIzHr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

ordinario, celebrarase a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local ás 19:00 horas.

A Corporación municipal decidirá o que crea mais convinte.

Bergondo, 21 de xuño de 2023
A alcaldesa (Asinado dixitalmente)
Alejandra Pérez Máquez»

A sra. alcaldesa indica que a proposta que se fai é o que se ven facendo tradicionalmente cada quince días, os xoves, ben ao mediodía ben á tarde en función de que haxa, ou non, pleno.

O sr. voceiro do BNG, considera que, para axilizar trámites, deberían ser semanais, para maior axilidade dos trámites e, por outra, gustaríanos facerlles unha solicitude, aproveitando, e é, non sei como dicilo, un maior compromiso co órgano, por dicir así, porque si que na pasada lexislatura, revisando actas, hai algún membro que ten reiteradas faltas de asistencia ao mesmo.

Non suscitándose máis intervencións, trala correspondente deliberación, sométese a proposta da alcaldía a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: catro (4) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: catro (4) abstencións; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: tres (3) votos a favor e grupo municipal do BNG: dúas (2) abstencións. Total sete (7) votos a favor e seis (6) abstencións.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase aprobado, por maioría de votos a favor a proposta, que devén en acordo nos termos antes transcritos.

9. DETERMINACIÓN DAS CONTÍAS POR ASISTENCIA ÁS SESIÓNS, E ÓRGANOS COLEXIADOS DOS QUE FORMEN PARTE OS CONCELLEIROS/AS DA CORPORACIÓN. ACORDOS QUE PROCEDAN

Expediente. 2023/E005/000001

Dáse conta da proposta de Alcaldía que transcrita literalmente di:

«De acordo co previsto no art. 13 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidade locais (ROF), os/as integrantes das Corporación Locais terán dereito a percibir, con cargo ao Orzamento das Entidades Locais, as retribucións e indemnizacións que corresponden nos termos previstos no citado artigo, podendo percibir asistencia pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte, na contía sinalada polo Pleno Municipal.

En base ao exposto, propoño ao Pleno municipal que adopte o seguinte acordo:

***Primeiro.** Todos os membros da Corporación, agás os que desempeñen o seu cargo con dedicación exclusiva*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

CVD: LZMQygJqQJS/olAhIzHr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

ou parcial, percibirán asistencias pola concurrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte, nas seguintes contías:

ASISTENCIA A SESIÓNS DO PLENO MUNICIPAL	*225 €*
ASISTENCIA A SESIÓNS DAS COMISIÓN INFORMATIVAS	*225 €*

Segundo. *Autorizar e dispoñer o gasto, con efectos dende a súa aprobación, con cargo á aplicación presupostaria 912.23300 do vixente Presuposto Municipal.*

Terceiro*. Publicar íntegramente no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro electrónico de anuncios da Corporación e no portal de transparencia os acordos plenarios referentes a indemnizacións e asistencias dos membros da Corporación Local, para os efectos do previsto no art. 75.5 da Lei 7/85, Reguladora das Bases do Réxime Local.*

Non obstante, o Pleno municipal decidirá o que crea mais convinte.

Bergondo, 21 de xuño de 2023
A alcaldesa
(Asinado dixitalmente)
Alejandra Pérez Máquez»

A sra. alcaldesa indica que se fai unha proposta un pouco actualizada con respecto á proposta que xa existe a día de hoxe, tendo en conta, precisamente, tamén que os plenos e as comisións de xeito ordinario serán bimestrais e tamén deixar claro, non á corporación, pero si á veciñanza que non se refire, como xa di o propio acordo, no punto primeiro, aos concelleiros e concelleiras e á alcaldesa, que desempeñan a súa labor xa con dedicación exclusiva ou parcial.

O sr. voceiro do grupo municipal do PP indica que non hai nada que reseñar neste punto

O sr. voceiro do grupo municipal do BNG di que dada a situación económica actual e que xa o que estabamos percibindo non era unha cantidade nada desdeñable, propoñen deixalo como estaba na anterior lexislatura.

O sr. voceiro do grupo municipal de AV, consideran que é unha proposta axeitada

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese a proposta da alcaldía a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: catro (4) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: catro (4) votos a favor; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: tres (3) votos a favor e grupo municipal do BNG: dous (2) votos en contra. Total once (11) votos a favor e dous (2) votos en contra.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase aprobado, por maioría de votos a favor a proposta, que devén en acordo nos termos antes transcritos.

10. ASIGNACIÓN AOS GRUPOS POLÍTICOS DE DOTACIÓNS ECONÓMICAS. ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

CVD: LZMQygJqQJS/olAhIzHr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

EXPEDIENTE: 2023/G005/000001

Dáse conta da proposta de Alcaldía que transcrita literalmente di:

«O art. 73.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece que:

«A efectos da súa actuación corporativa, os membros das corporacións locais constituiranse en grupos políticos, na forma e cos dereitos e as obrigas que se establezan con excepción daqueles que non se integren no grupo político que constitúa a formación electoral pola que foron elixidos ou que abandonen o seu grupo de procedencia, que terán a consideración de membros non adscritos.

O Pleno da Corporación, con cargo ós Presupostos anuais da mesma, poderá asignar ós grupos políticos unha dotación económica que deberá contar cun compoñente fixo, idéntico para todos os grupos e outro variable, en función do número de integrantes de cada un deles, dentro dos límites que, no seu caso, se establezan con carácter xeral nas Leis de Presupostos Xerais do Estado y sen que poidan destinarse ó pago de remuneracións de persoal de calquera tipo ó servizo da Corporación ou á adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial.

Os dereitos económicos e políticos dos membros non adscritos non poderán ser superiores ós que lles houberan correspondido de permanecer no grupo de procedencia, e exerceranse na forma que determine o Regulamento orgánico de cada Corporación.

Esta previsión non será de aplicación no caso de candidaturas presentadas como coalición electoral, cando algún dos partidos políticos que a integren decida abandonala.

Os grupos políticos deberán levar cunha contabilidade específica da dotación a que se refire o parágrafo segundo deste apartado 3, que porán a disposición do Pleno da Corporación, sempre que este o pida»

En base ao anterior proponse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ***acordo****:*

Primeiro. *Aprobar a asignación, a cada un dos catro grupos políticos municipais (Grupo Socialista, Grupo Popular, Grupo de Altrenativa dos Veciños e grupo do Bloque Nacionalista Galego), dunha dotación económica trimestral cunha contía que é o resultado da suma de dous conceptos:*

Un concepto fixo de 300,00 €, a cada Grupo Político municipal constituído.
Un concepto variable de 100,00 € por cada concelleiro/a integrante do respectivo Grupo Municipal.

Estas asignacións percibiranse por trimestres vencidos, na primeira quincena do mes seguinte ao vencemento.

SEGUNDO*: As asignacións recollidas no apartado anterior, non poderán destinarse ao pagamento de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da Corporación ou á adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

CVD: LZMQygJqQJS/olAhIzHr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Así mesmo cada Grupo deberá levar unha contabilidade específica da dotación, que poñerá á disposición do Pleno da Corporación cando este órgano o solicite.

***TERCEIRO**: Notificar o presente acordo a cada un dos Grupos Políticos deste Concello.*

Non obstante, o Pleno decidirá o que crea máis conveniente.

Bergondo, 21 de xuño de 2023
A alcaldesa
(Asinado dixitalmente)
Alejandra Pérez Máquez»

A sra. alcaldesa indica, que polo mesmo que no punto anterior, xa referido tamén a todos, se fai unha proposta dun reparto que si que é certo que incrementa o conxunto de todos ao conxunto dos grupos, non a todos, obviamente. Quen perde representación pois tamén perde capacidade económica pero si que é certo que hai un incremento no total.

O sr. voceiro do grupo municipal do PP, indica que se queremos facer unha política xusta, sen deber favores a nadie, pois é bo que teñamos que alimentarnos do traballo que facemos no Concello. Cre que é xusto, que os concelleiros que están na oposición reciban unha asignación, para facer actividades coa veciñanza.

O sr. voceiro do grupo municipal do BNG di que como no punto anterior, propoñen o mesmo, que quede igual que estaba na anterior lexislatura porque non lles parece o momento para aumentar gasto político.

O sr. voceiro de Alternativa dos Veciños amosa a conformidade do seu grupo coa proposta.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese a proposta da alcaldía a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: catro (4) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: catro (4) votos a favor; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: tres (3) votos a favor e grupo municipal do BNG: dous (2) votos en contra. Total once (11) votos a favor e dous (2) votos en contra.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase aprobado, por maioría de votos a favor a proposta, que devén en acordo nos termos antes transcritos.

11. RELACIÓN DE CARGOS DA CORPORACIÓN A DESEMPEÑAR EN REXIME DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA. ACORDOS QUE PROCEDAN

ESPEDIENTE. 2023/G005/000001

Dáse conta da proposta de Alcaldía que transcrita literalmente di:

«Polo equipo de Goberno municipal tense previsto proceder a estruturar en diversas áreas os servizos municipais, de xeito que permitan desenvolver a complexa actividade do Concello de Bergondo na forma

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

CVD: LZMQygJqQJS/olAhIzHr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

máis eficaz e eficiente posible, o que implica un notable incremento de traballo e de responsabilidade que sen dúbida repercutirá nun mellor funcionamento dos servizos.

De acordo co previsto no artigo 13 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF) e 74 e 75 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), e tendo en conta as características deste Concello, procede iniciar o procedemento correspondente para determinar as retribucións para os integrantes do Goberno municipal, propoñéndose en consecuencia ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordo:

***Primeiro**. Recoñecer o desempeño con dedicación exclusiva dos cargos de: Alcaldesa-presidenta do Concello de Bergondo; concelleiro/a delegado/a da área de Infraestruturas, Urbanismo e Réxime Interior; e concelleiro/a delegado/a da área de Medio Ambiente, Equipamentos Públicos e Seguridade.*

***Segundo.** Fixar como retribución bruta anual para o cargo de Alcaldesa-Presidenta, a cantidade de corenta e cinco mil euros – 45.000,00 €- cantidade que será aboada mensualmente coas nóminas municipais, pagadera en catorce mensualidades (doce ordinarias e dúas extraordinarias), e que experimentará as variacións legais previstas para as retribucións dos funcionarios nas sucesivas leis anuais de presupostos, con efectos do 1 de xullo de 2023.*

***Terceiro**. Fixar como retribución bruta anual para os cargos de: concelleiro/a delegado/a da área de Infraestruturas, Urbanismo e Réxime Interior e concelleiro/a delegado/a da área de Medio Ambiente, Equipamentos Públicos e Seguridade, a cantidade de trinta e sete mil euros -37.000,00 €- cantidade que será aboada mensualmente coas nóminas municipais, pagadera en catorce mensualidades (doce ordinarias e dúas extraordinarias), e que experimentará as variacións legais previstas para as retribucións dos funcionarios nas sucesivas leis anuais de presupostos, con efectos dende o 1 de xullo de 2023.*

***Cuarto**. Solicitar á Tesoureiría Xeral da Seguridade Social a alta da sra. Alcaldesa- Presidenta, e dos concelleiros delegados con efectos do 1 de xullo de 2023, e asumindo o Concello as obrigas que as normas do Réxime Xeral da seguridade social impoñen ás empresas en relación cos traballadores ao seu servicio, asumindo a corporación o pago da cota empresarial correspondente.*

***Quinto**. Autorizar e dispoñer o gasto, con cargo as aplicacións presupostarias correspondentes, ás que se imputarán os gastos que correspondan ao período comprendido dende a aprobación desta proposta ata o trinta e un de decembro do presente ano, aos que se refiren os puntos segundo a cuarto do presente acordo; e de se-lo caso realizar as correspondentes modificacións orzamentarias..*

***Sexto.** Publicar íntegramente no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro electrónico de anuncios da Corporación e no portal de transparencia o presente acordo plenario, para os efectos do previsto no art. 75.5 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local.*

Non obstante, o Pleno decidirá o que crea máis conveniente.

Bergondo, 22 de xuño de 2023
A alcaldesa

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

CVD: LZMQygJqQJS/olAhIzHr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

(Asinado dixitalmente)
Alejandra Pérez Máquez»

A sra. alcaldesa indica que no anterior mandato se contaba con tres dedicacións exclusivas, as que permite a normativa nun concello do noso tamaño. Tamén llee gustaría indicar que os topes nas dedicacións exclusivas nun concello de ata dez mil habitantes están en 52.000€ e nun concello de cinco mil habitantes en 46.000 e algo euros. Polo tanto, as dedicacións exclusivas que se propoñen neste concello, son sempre nunha cantidade inferior tamén á que poderiamos propoñer. E, en todo caso, ao final o importante é o compromiso e o traballo que se faga a diario e que conleva, tamén, igual que antes, pois unha dedicación en profundidade ao servizo público. Polo tanto, propoñen tres dedicacións exclusivas e catro dedicacións parciais no seguinte punto igual que fixemos tamén neste último mandato.

O sr. voceiro do grupo municipal do PP, resposta que entenden que si son necesarias as tres dedicacións cexclusivas pero cre que o que contempla cada unha delas non é o representativo que debería de ter nun concello con seis mil oitocentos veciños, con casi todo por facer, e cre que hai certas cuestións que non están dentro destas dedicacións exclusivas. Polo tanto nós vamos absternos.

O sr. voceiro do grupo municipal do BNG, principia dicindo que ésta é a lima que quita todas as asperezas, supéranse como o goberno máis caro. Cunha persoa menos no goberno, aumentan un 24% o gasto. Non sabe se esto é recomendación do asesor externo de Oleiros que tamén ven de subir un 18% pero dende logo non estamos por apoiar estas remuneracións. Entenden que toda persoa que realiza un traballo ten que cobrar por el, que a política non nos coste cartos pero tampouco darnos en demasía.

O sr. voceiro do grupo municipal de AV, di que ao final, para os veciños e para as veciñas os comentarios destas semanas e destas datas, pasarán. o importante é, que este goberno funcione, e funcione con esa dedicación que aprobemos hoxe e que é a que temos que levar a cabo e, repito tamén, con proveito para Bergondo.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese a proposta da alcaldía a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: catro (4) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: catro (4) abstencións; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: tres (3) votos a favor e grupo municipal do BNG: dous (2) votos en contra. Total sete (7) votos a favor, dous (2) votos en contra e catro (4) abstencións.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase aprobado, por maioría de votos a favor a proposta, que devén en acordo nos termos antes transcritos.

12. RELACIÓN DE CARGOS DA CORPORACIÓN A DESEMPEÑAR EN REXIME DE DEDICACIÓN PARCIAL. ACORDOS QUE PROCEDAN

EXPEDIENTE. 2023/G005/000001

Dáse conta da proposta de Alcaldía que transcrita literalmente di:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

CVD: LZMQygJqQJS/olAhIzHr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

"En aplicación do artigo 75 da Lei 7/85,de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, así como no artigo 13 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento, e réxime xurídico das entidades locais, que fixan o réxime de retribucións e compatibilidades, propónse ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

***Primeiro**.- Recoñecemento do desempeño con dedicación parcial do cargo de concelleiro/a delegado/a dos Servizos de Ensino, Cultura e Deportes, integrados na área de Presidencia, cunha dedicación mínima de 30 horas semanais, no horario que fixe a sua área, ao que se lle dará publicidade, para una máis completa atención ao público.*

***Segundo**.- Recoñecemento do desempeño con dedicación parcial do cargo de concelleiro/a delegado/a dos Servizos de Desenvolvemento Económico, Formación e Participación Veciñal, integrados na área de Infraestruturas, Urbanismo e Réxime Interior, cunha dedicación mínima de 30 horas semanais, no horario que fixe a súa área, ao que se lle dará publicidade, para una máis completa atención ao público.*

***Terceiro**.- Recoñecemento do desempeño con dedicación parcial dos dous cargos de concelleiro/a delegado/a do servizos de Benestar Social (integrados na área de Presidencia) e dos Servizos municipais (integrados na área de Infraestruturas, Urbanismo e Réxime Interior), cunha dedicación mínima de 22 horas e 30 minutos semanais, no horario que fixe a súa área, ao que se lle dará publicidade, para una máis completa atención ao público.*

***Cuarto**.- Fixar como retribución bruta anual para os/as concelleiros/as delegados/as dos servizos, cunha adicación de 30 horas semanais, a cantidade de trinta mil seiscentos euros -30.600,00 €- cantidade que será aboada mensualmente coas nóminas municipais, pagadera en catorce mensualidades (doce ordinarias e dúas extraordinarias), e que experimentará as variacións legais previstas para as retribucións dos funcionarios nas sucesivas leis anuais de presupostos, con efectos dende o 1 de xullo de 2023.*

***Quinto.-** Fixar como retribución bruta anual para os/as concelleiros/as delegados/as dos servizos, cunha adicación de 22 horas e 30 minutos semanais, a cantidade de vinte e dous novecentos cincuenta euros – 22.950,00 €- cantidade que será aboada mensualmente coas nóminas municipais, pagadera en catorce mensualidades (doce ordinarias e dúas extraordinarias), e que experimentará as variacións legais previstas para as retribucións dos funcionarios nas sucesivas leis anuais de presupostos, con efectos do 1 de xullo de 2023.*

***Sexto.**- Solicitar á Tesoureiría Xeral da Seguridade Social a alta dos/das sres./sras. Concelleiros/as, con efectos do 1 de xullo de 2023, e asumindo o Concello as obrigas que as normas do Réxime Xeral da seguridade social impoñen ás Empresas en relación cos traballadores ao seu servicio, asumindo a corporación o pago da cota empresarial correspondente.*

***Sétimo.-** Autorizar e dispoñer o gasto, con cargo as aplicacións presupostarias correspondentes ás que se imputarán os gastos que correspondan ao período comprendido dende a aprobación desta proposta ata o trinta e un de decembro do presente ano, aos que se refiren os puntos cuarto a sexto do presente acordo; de ser o caso tramitar as correspondentes modificacións orzamentarias.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

CVD: LZMQygJqQJS/olAhIzHr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Oitavo.- *Publicar íntegramente no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro electrónico de anuncios da Corporación e no portal de transparencia o presente acordo plenario, para os efectos do previsto no art. 75.5 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local.*

Non obstante, o Pleno decidirá o que crea máis convinte.

Bergondo, 22 de xuño de 2023
A alcaldesa
(Asinado dixitalmente)

Alejandra Pérez Máquez"

A sra. alcaldesa explica que se propoñen estas dedicacións parciais que son as que vimos tendo e as que se veñen exercendo nos últimos anos tamén aprobadas por este pleno e intentando que os concelleiros todos do grupo de goberno teñan unha dedicación parcial, na que se inclúe tamén, e quere insistilo, as asistencias, a tódolos órganos dos que formen parte, así como calquer tipo de gasto. Indica que non é un concello onde se pasen dietas nin quilómetros, de ningún outro tipo,e entenden que esta dedicación parcial xa é suficiente para poder incluir todos aqueles gastos que conleven precisamente o poder desenvolver a súa dedicación do mellor xeito posible.

O sr. voceiro do grupo municipal do PP, dí que gustaríalle cando salga afora si que a xente quere saber por que fai dous días había pestes e carros de esterco dun lado para outro e de repente agora con estas dedicacións parciais que, bueno, son o que son, ahora todo é "mágico y bonito". Engade que é curioso que a súa asesora, a súa auxiliar administrativa, da que tamén damos conta dentro dun momento, vai cobrar vinte e dous mil catrocentos corenta e cinco euros. Pois unha persoa que vai facer, supostamente, trinta horas, que supostamente vai estar aquí, que supostamente ten coñecemento da área que lle acaban de asignar, e digo supostamente porque é todo moi suposto, pois perfecto. Indica que o seu grupo vai votar en contra.

O sr. voceiro do grupo municipal do BNG indica que xa se estenderon o suficiente no punto anterior e un pouco polos mismos motivos o seu sentido do voto vai ser o mesmo. Vostedes van aprobar estas dedicacións. Teñen maioría, loxicamente, e nós fiscalizaremos que o seu traballo sexa acorde, como decía o portavoz de Alternativa, acorde á remuneración.

O sr. voceiro do grupo municipal de AV dí que él mesmo encargarase de fiscalizar o funcionamento dos inexpertos concelleiros que entran, que se farán expertos moi pronto, mediante o traballo e a dedicación plena. Polo demais, remítese ao comentado no punto anterior.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese a proposta da alcaldía a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: catro (4) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: catro (4) votos en contra; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: tres (3) votos a favor e grupo municipal do BNG: dous (2) votos en contra. Total sete (7) votos a favor e seis (6) votos en contra.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase aprobado, por maioría de votos a favor a proposta, que devén en acordo nos termos antes transcritos.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

CVD: LZMQygJqQJS/olAhIzHr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

13. DETERMINACIÓN DO NÚMERO, CARACTERÍSTICAS E RETRIBUCIÓNS DO PERSOAL EVENTUAL. ADOPCIÓN DO ACORDO QUE PROCEDA.
Expediente: 2023/G005/000001

Dáse conta da proposta de Alcaldía que transcrita literalmente di:

«No cadro de persoal actual deste Concello, figura un posto de traballo de persoal eventual nomeado "Auxiliar de Gabinete de Alcaldía".

A lexislación vixente establece que este persoal soamente exercerá as funcións expresamente cualificadas de confianza ou asesoramento especial, e se ben o nomeamento e cese é libre correspondendo ao Presidente da Corporación Local, o número, características e retribucións será determinado polo Pleno da Corporación ao comezo do seu mandato -art. 104 da Lei 7/1985 de 2 de abril Reguladora de Bases de Réxime Local.

En consonancia co exposto e considerando a conveniencia de manter este posto de traballo, pola presente propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

***Primeiro:** Manter o posto de persoal eventual existente na actualidade no Cadro de persoal do Concello denominado:"Auxiliar de Gabinete de Alcaldía", sendo as súas características as seguintes:*

***Atribucións**: as correspondentes ao posto a desempeñar*

***Retribucións anuais**: retribucións brutas de **22.445,54 €,** repartidas en 14 pagas.*

Esta contía é resultante da aplicación ás atribucións da categoría á que se asimila este posto de traballo.

***Segundo:** Estas retribucións estarán suxeitas ás variacións que se produzan cada ano, de acordo coa lexislación vixente que regule as variacións das retribucións dos funcionarios municipais, correspondentes ao grupo de asimilación no que o Ministerio de Hacienda y Función Pública clasifique as súas funcións.*

Non obstante, o Pleno decidirá o que crea máis convinte.

Bergondo, 22 de xuño de 2023
A alcaldesa
(Asinado dixitalmente)
Alejandra Pérez Máquez»

A sra. alcaldesa explica que a un concello das nosas características, do noso tamaño, tamén lle corresponde, en caso optativo, obviamente, pero como máximo un, unha persoa no cadro de persoal eventual. Neste concello se leva contratando a este persoal auxiliar de gabinete de alcaldía para facer labores de importancia non unicamente relacionadas xa coa alcaldía senón relacionadas, sobre todo, con funcións incluso da xestión de todo o goberno, da xestión administrativa tamén e a maiores, pois algunhas funcións incluso referidas a temas de incidencias e demais. E, polo tanto, importante que ademais nun concello onde ogallá poidéramos contar con máis persoal municipal.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

CVD: LZMQygJqQJS/olAhIzHr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

O sr. voceiro do grupo municipal do PP indica que non hai nada que reseñar neste punto

O sr. voceiro do grupo municipal do BNG indica, que neste caso si lle ven sentido que desde Alcaldía se conte con persoal eventual, con auxiliar de gabinete, e polo tanto o seu voto vai ser favorable.

O sr. voceiro do grupo municipal de AV, indica que esta persoa non só presta unha labor importante para alcaldía senón para outros, creo que para todos, os outros departamentos ou concelleiros e concelleiras. É unha labor importante que dende logo nós valoramos na súa xusta medida.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese a proposta da alcaldía a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: catro (4) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: catro (4) votos a favor; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: tres (3) votos a favor e grupo municipal do BNG: dous (2) votos a favor. Total trece (13) votos a favor.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase aprobado, por unanimidade de votos a favor a proposta, que devén en acordo nos termos antes transcritos.

14. DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Expediente: 2023/G005/000001

Dáse conta da proposta de Alcaldía que transcrita literalmente di:

«O pasado día 17 de xuño de 2023 constituíuse a nova corporación municipal saída das eleccións que se celebraron o pasado día 28 de maio.

De acordo co disposto polo artigo 22.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, e o artigo 51 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), o Pleno da Corporación pode delegar o exercicio das súas atribucións na Xunta de Goberno Local, coas excepcións que se establecen no mencionado precepto.

Segundo o artigo 51 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, o acordo plenario de delegación adoptarase por maioría simple, e terá efectos desde o día seguinte ao da súa adopción, sen prexuízo da publicación no Boletín Oficial da provincia.

Proponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

***Primeiro.-** Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes atribucións:*

1. O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia plenaria.

2. A declaración de lesividade dos actos do Concello.

3. As competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministracións, de

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

CVD: LZMQygJqQJS/olAhIzHr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do presuposto ou a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter pluirianual cando a súa duracción sexa superior a catro anos, aventuais prórrogas incluídas, cando o importe acumulado de todas as anualidades supere a porcentaxe indicada referido aos recursos ordiarios do presuposto do primeiro exercicio ou a contía sinalada.

4. A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos orzamentos.

5. A celebración de contratos privados así como a adxudicación de concesións sobre bens do Concello e a adquisición de bens inmobles e deritos suxeitos á lexislación patrimonial cando o presuposto base de licitación, nos termos definidos no artigo 100.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do presuposto ou o importe de tres millóns de euros

Segundo.-*As delegacións que se acordaron nos apartados anteriores suxeitaranse ao seguinte réxime xurídico:*

a) Os actos que o órgano delegado dite no exercicio das atribucións que se lle delegaron enténdense ditados polo órgano delegante, correspondendo a este, en consecuencia a resolución dos recursos de reposición que poidan interpoñerse.

b) O exercicio das facultades por delegación deberá facerse constar nos acordos que se adopten, en conformidade co que dispón o artigo 9 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

c) O órgano delegante conservará as facultades de recibir información detallada da xestión da competencia delegada e dos actos e disposicións que emanen en virtude da delegación, e debe ser informado con anterioridade á adopción de decisións de trascendencia, de acordo co disposto no artigo 115 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

d) O Concello Pleno poderá revogar en calquera momento as delegacións que se efectúen seguindo as mesmas formalidades aplicadas para outorgalas.

e) O Concello Pleno poderá avocar en calquera momento o coñecemento dun asunto determinado de acordo co que dispón o artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro.

f) As sesións da Xunta de Goberno Local nas que se adopten acordos por delegacións do Pleno serán públicas íntegras ou en parte, según proceda.

Terceiro.- *Este acordo adquire efectos desde o día seguinte ao da súa adopción e será publicado no Boletín Oficial da provincia da Coruña, en cumprimento do que dispón o artigo 44 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro.*

Bergondo, o 22 de xuño de 2023
A alcaldesa (asinado dixitalmente)

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

CVD: LZMQygJqQJS/olAhIzHr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Alejandra Pérez Máquez»

A sra. alcaldesa indica que, para unha maior operatividade, proponse a delegación dos asuntos aquí relacionados na Xunta de Goberno Local. Saben vostedes tamén que durante este tempo foron varios os asuntos que si, en cambio, tiveron que estando delegados que tiveron que pasar, primeiro, por ditame da comisión informativa e logo resolvía igualmente o pleno. Polo tanto, o Pleno está enterado sempre en calquera destes asuntos, como non podía ser doutro modo.

O voceiro do grupo municipal do PP indica que non teñen nada que alegar neste punto.

O sr. voceiro do grupo municipal BNG dí que neste caso non poden apoiar a proposta posto que consideran que, como oposición, réstalles ferramentas de fiscalización.

O sr. voceiro do grupo municipal de AV non ten nada que comentar.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese a proposta da alcaldía a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: catro (4) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: catro (4) abstencións; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: tres (3) votos a favor e grupo municipal do BNG: dous (2) votos en contra. Total sete (7) votos a favor, dous (2) votos en contra e catro (4) abstencións.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase aprobado, por maioría de votos a favor a proposta, que devén en acordo nos termos antes transcritos.

Esta acta foi gravada con video. Consta no expediente do TEDeC 2023/G010/000008. A pegada dixital desta gravación de video é a seguinte:

950F8BC106ECB77FE4B42E619F9D6ACB43568271B4268E75D9ABBE4822C1BB97

Tamén gravouse en audio e consta tamén no expediente do TEDeC 2023/G010/000008. A pegada dixital desta gravación de audio é a seguinte:

880750AD136837445857EA6FCBC909930B09B49E5D39BA8B6BD99FE170E42344

O algoritmo de pegada dixital é SHA-256 e o formato da pegada é a hexadecimal en ASCII (base 16). Pódese comprobar co arquivo e a ferramenta autofirma.

Non habendo máis asuntos que tratar, a Sra. Alcaldesa-presidenta levanta a sesión, sendo as vinte horas e vinte e oito minuto do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura dixital da presidenta e da secretaria, que dá fe.

A Secretaria xeral
Ana Mª Cacharrón Castelos

Vº e Pr. A Alcaldesa
Alejandra Pérez Máquez.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

CVD: LZMQygJqQJS/olAhIzHr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.